

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **Grupo Parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, por medio dos seus deputados **Xabier Ron Fernández, Ramón Vázquez Díaz, Xosé Manuel Beiras Torrado, Eva Solla Fernández, Antón Sánchez García e Juan Manuel Fajardo Recouso**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate no Pleno**, relativa ao cumprimento das obrigas que marca a Carta Europea das Linguas en relación co uso do galego en todos os eidos da vida social.

Exposición de motivos

O Comité de expertos do Consello de Europa para a Carta Europea das Linguas fixo público o seu cuarto informe sobre o grao de cumprimento da Carta por parte das autoridades públicas do conxunto do reino de España. De resultas, o consello de ministros de Consello de Europa instou á súa vez ás autoridades galegas e españolas a cumpriren as previsións e mandatos da Carta.

A análise crítica do informe percorre diversos aspectos da realidade social en relación co uso da lingua galega. O informe constata que a redución da presenza do galego no ensino derivado da imposición do decreto 79/2010 denominado para o plurilingüismo contradí os compromisos asumidos polas autoridades públicas galegas, que deberan garantir unha educación maioritariamente en galego e que hai que pór en relación coa reafirmación, por parte do informe, das conclusións acadadas no terceiro informe (publicado no ano 2012), nas que se recollía que non se cumprían as obrigas contidas na carta Europea das Linguas.

Entre as recomendacións contidas no informe sinálase, para o ámbito da xustiza, a necesaria emenda do marco legal de maneira que as autoridades penais, civís e administrativas realicen os procedementos nas linguas cooficiais a solicitude de parte, outrosí de garantir que unha proporción suficiente do persoal xudicial coñeza a nosa lingua propia. Todo elo para garantir os dereitos da nosa cidadanía e para garantir o uso do galego como lingua de traballo nos xulgados e tribunais radicados en Galicia.

O informe sinala a necesidade de asegurar a presenza da lingua galega no conxunto dos servizos públicos, en particular nos de carácter sanitario.

Dedica o informe un apartado crítico ao respecto das obrigas públicas para coa situación do galego nos medios de comunicación, cuxa importancia na construción do imaxinario social resulta necesaria. Prensa, radio e televisión son referidos como elementos clave e se advirte polo Comité de expertos a evolución negativa respecto deste compromiso.

Outro dos terreos onde o informe sinala que son precisas actuacións de reforzo son nos sectores económicos e sociais. Así como no pulo aos acordos bilaterais con Estados con linguas irmás, caso do portugués.

Non deixa de anotar o informe o esborrallamento do orzamento a disposición da secretaría xeral de política lingüística que caeu nese período (2010-2013) de 15,5 a 5,7 millóns de euros.

Polo sinalado, o grupo parlamentario da AGE presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a derogar o decreto 79/2010 denominado para o plurilingüismo.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a executar de maneira rigorosa todas as medidas contidas no Plan Xeral de Normalización Lingüística aprobado no 2004, que dea resposta e cumprimento ás recomendacións contidas no IV informe do Comité de expertos do Consello de Europa para a Carta Europea das Linguas.

En Compostela, a 22 de xaneiro do 2016.

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Xosé Manuel Beiras Torrado

Asdo. Antón Sánchez García

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recouso

Asdo. Eva Solla Fernández



Asinado dixitalmente por:

Jose Javier Ron Fernandez na data 22/01/2016 13:43:11

Ramón Vázquez Díaz na data 22/01/2016 13:43:17

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 22/01/2016 13:43:23

Eva Solla Fernández na data 22/01/2016 13:43:25

Anton Sánchez García na data 22/01/2016 13:43:29

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 22/01/2016 13:43:31